



Protocolo de captura de raíñas de vespa asiática (*Vespa velutina*) en primavera 2018. 15/02/2018.

A colocación de trampas para a captura de raíñas pode ser un método importante na loita fronte a *Vespa velutina*, xa que cada raíña capturada suporá que haberá un niño menos no entorno. Este plantexamento xa foi aplicado pola Consellería do Medio Rural nos anos 2015, 2016 e 2017 co reparto de trampas de captura e líquido atraente entre os apicultores.

Nun ciclo anual habitual, as novas raíñas nadas no outono anterior emerxen do período de hibernación a finais de febreiro-inicio de marzo, e comezarán a construír o niño do novo ciclo anual. Inician a primeira posta de ovos no niño primario e posteriormente a pequena colonia se traslada ao definitivo niño secundario onde a raíña permanecerá sen abandonalo, ocupándose unicamente da tarefa de posta de ovos, ata a súa morte coa chegada do inverno. Consecuentemente, é necesario aproveitar o período no que as raíñas se mostren activas no exterior do niño na primavera para proceder á súa captura, é dicir, durante os meses de febreiro/marzo a xuño.

As experiencias na loita fronte a *Vespa velutina* sinalan que a colocación de trampas no entorno dos colmeares presenta unha alta eficacia na captura das raíñas. Deste xeito, un método eficaz de loita fronte esta especie invasora inclúe a colaboración dos apicultores situando as ditas trampas preto das colmeas, renovando o líquido atraente cada certo tempo.

Tanto as trampas como o líquido atraente poden ser caseiros ou comerciais. Ao respecto dos atraentes caseiros, a cera vella fermentada, a cervexa negra ou o sirope de grosella ou de arandos son considerados bos atraentes caseiros, sendo necesario que se repoñan aos 7-15 días, dependendo das condicións climáticas existentes (a máis calor, máis evaporación do atraente) e do volume de vespas capturadas.

A proporción de trampas a colocar durante a época de trampeo é a seguinte:

- 1 trampa en colmeares de ata 10 colmeas.
- 2 trampas en colmeares de ata 25 colmeas.
- 3 trampas en colmeares de ata 50 colmeas.
- 4 trampas en colmeares de máis de 50 colmeas.

As trampas deben ser colocadas na proporción sinalada a unha altura de aproximada de 1,5 metros, e nun radio de 100 metros arredor dos apiarios, en sitios soleados e protexidas do vento.

É importante que as trampas só sexan colocadas nas zonas onde se detectaron niños, e que o número de trampas se axuste ao necesario. Isto debe terse sempre en conta xa que non existe ningún atraente que sexa totalmente específico para a *Vespa velutina*, polo que o uso en zonas nas que non se coñeza a presenza desta especie, ou a



utilización dun número excesivo de trampas vai supoñer que se capturen indiscriminadamente outras especies de insectos, producindo efectos colaterais adversos sobre a entomofauna e poñéndose en risco a biodiversidade.

Aos efectos de reforzar a loita fronte á Vespa velutina, a Consellería do Medio Rural distribuirá aos apicultores das zonas afectadas trampas comerciais e/ou líquido atraente, co obxecto de que as coloquen nas proximidades das súas colmeas aínda que tamén será posible colocalas noutras localizacións de interese e eficacia comprobada segundo os hábitos alimenticios e de comportamento das vespas raíñas nesta época, na que adoitan frecuentar fontes de azucres que poden atopar en plantas con floración temperá, durante a primavera, **dende mediados de febreiro ata mediados de xuño**, recollendo o maior número posible de raíñas.

A distribución de trampas e/ou líquido atraente realizarase a todos os apicultores que teñan asentamentos apícolas nos concellos onde oficialmente foron detectados niños de Vespa velutina, calculándose o número de trampas e/ou líquido atraente a entregar segundo a proporción establecida na “Estratexia de xestión e control nacional”, tendo en conta todos os asentamentos existentes neses concellos.

No caso dos asentamentos situados en concellos nos que xa se entregaron trampas no ano 2017, no ano 2018 unicamente se distribuirá aos apicultores líquido atraente. No caso dos asentamentos situados en concellos nos que non se repartiron trampas no ano 2017, no ano 2018 distribuiranse tanto trampas comerciais como líquido atraente.

No ano 2018, a distribución de trampas e atraente realizarase na súa totalidade a través das Oficinas Agrarias Comarcais.

Ao respecto:

- A Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias elaborará o listado de apicultores aos que haberá que distribuír trampas nos concellos afectados, calculando o número de trampas e/ou botes de líquido atraente a entregar a cada apicultor, segundo o número de asentamentos e colmeas declaradas.
- En todo caso, segundo o desenvolvemento do programa de control, e en función da detección de novos niños, a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias podería determinar a necesidade de reparto de trampas en concellos diferentes aos establecidos inicialmente. Esta circunstancia sería en todo caso comunicada ás Oficinas Agrarias Comarcais correspondentes.
- En función da localización dos apicultores, remitiranse ás diferentes Oficinas Agrarias Comarcais afectadas as correspondentes trampas e/ou botes de líquido atraente. Xunto ao dito material, enviarase ás ditas oficinas o listado de apicultores a entregar trampas, así como a información do número de trampas a facilitar a cada



un, e a relación dos asentamentos para os que se entregan. En relación ao dito reparto:

- Entregaranse trampas **e/ou líquido** atraente unicamente para os asentamentos localizados nos concellos nos que se determinou a necesidade de distribución. Esta circunstancia supón que si un apicultor ten asentamentos nun concello afectado, e ten outros asentamentos noutros concellos diferentes non afectados, só recibirá material para colocar no primeiro deles.
 - O número de trampas **e/ou o líquido** a entregar calcularase por asentamento. Si un apicultor ten varios asentamentos nas zonas afectadas e determinadas, recibirá trampas **e/ou líquido** atraente para todos eles.
 - O número de trampas **e/ou líquido** calculouse segundo os asentamentos e censos de colmeas que figuran na base de datos de Sistema Integrado a data **12-02-2018, polo que no caso de apicultores que non tiveran realizada a declaración censual do ano 2017 a esa data, o censo de colmeas utilizado como criterio de reparto corresponderá á última declaración que fixera.**
 - **Dada a complexidade da distribución do material, a diferenciación sobre a entrega de unicamente líquido atraente, ou ben trampas e líquido atraente, realizarase por concellos completos. Deste xeito, se nun concello no que se distribuiron trampas no ano 2017 existira unha nova explotación apícola, o titular desta recibirá tamén unicamente líquido atraente, debendo recorrer pola súa conta á elaboración de trampas caseiras ou á adquisición de trampas comerciais.**
 - Co obxecto de facilitar a distribución do material nas respectivas Oficinas Agrarias Comarcais, a entrega do material realizarase naquela na que se localice o asentamento ou asentamentos afectados, independentemente do enderezo que figure na subexplotación ou no titular. Si un apicultor tivera asentamentos en varias comarcas afectadas, recollerá todo o material nunha elas (ou ben naquela que coincida co enderezo do titular, ou no seu caso, se non coincidira, naquela na que se atope o asentamento ou asentamentos con máis colmeas), segundo figure nos listados confeccionados pola Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.
- Dende a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias remitirase unha carta aos apicultores determinados, informándolles da posibilidade de recoller o dito material na Oficina Agraria Comarcal, segundo o modelo do **anexo I**. Na dita comunicación figurará a oficina de recollida.
 - As trampas **e/ou** o líquido atraente poderán ser recollidas polo titular da explotación, presentando o seu DNI e o libro de explotación, ou no seu caso por un representante, neste caso coa oportuna autorización.
 - No momento da entrega das trampas **e/ou** do líquido atraente por parte do persoal da Oficina Agraria Comarcal o apicultor deberá asinar o documento que figura no **anexo II**, quedando constancia da cesión por parte da Consellería do Medio Rural do dito material.



- Ademais, no momento da entrega facilitarase tamén a información para o apicultor, segundo o modelo de **anexo III**, indicando a sistemática a utilizar para a colocación das trampas e a renovación do líquido atraente.

Os modelos de trampa e o líquido atraente a distribuír aos apicultores será ou AVISPA'CLAC (**imaxe 1**), VESPA TRAP (**imaxe 2**) ou VETO-PHARMA (**imaxe 3**). No caso das dúas primeiras, **cando proceda**, virán acompañadas de **1.000 ml** do líquido atraente correspondente segundo o tipo de trampa (**dous** envases de 500 ml de capacidade no caso de AVISPA'CLAC e **catro** envases de 250 ml de WASP & FLY TRAP no caso da VESPA TRAP), e no caso de VETO-PHARMA acompañarase de **7** sobres monodose individuais de 10 ml de líquido atraente cada un. **Nos casos nos que só se entrega líquido atraente, distribuirase o nº de envases ou número de monodoses correspondente ao número de trampas que lle correspondera ao apicultor, en función do seu número de colmeas.**



Imaxe 1 Trampa e atraente AVISPA'CLAC



Imaxe 2. Trampa e atraente VESPA TRAP




Imaxe 3. Trampa e sobres monosose de atraente VETO-PHARMA

Para o uso de AVISPA'CLAC ou VESPA TRAP, en ambos casos e independentemente do tipo de atraente, deben verterse 125 ml de líquido atraente na trampa, e engadir a mesma cantidade de auga, ata acadar o nivel sinalado na trampa (uns 250 ml). Cando o nivel do líquido baixe por efecto da evaporación, pode encherse novamente con auga ata acadar outra vez o nivel mínimo sinalado.

O líquido atraente debe renovarse cada 15 días (ou antes se se detectara a súa evaporación) de tal xeito que o bote facilitado permite a actuación da trampa durante dous meses.

Para o uso de VETO-PHARMA debe verterse a dose individual de 10 ml de líquido atraente na trampa xunto con 50 g de azucre e engadir 200 ml de auga (**Imaxe 4**). Unha vez mesturado, debe axustarse a tapa negra e o teito protector negro de forma que as dúas entradas do teito estean aliñadas cos buratos da tapa de entrada das vespas, co fin de formar un túnel atraente máis efectivo. (**Imaxe 5**).

Neste caso, o líquido atraente debe renovarse cada tres semanas ou cando a trampa esta chea de vespas.



Imaxe 4. Ingredientes VETO-PHARMA Imaxe 5. Preparación trampa VETO-PHARMA

No seu caso, calquera dos atraentes poderían usarse en calquera das trampas.

É necesario sinalar que para usos posteriores o apicultor deberá utilizar atraentes caseiros ou artesanais, pois a Consellería do Medio Rural non poderá facilitar máis botes ou doses de líquido comercial.

Para renovar o líquido da trampa aconséllase que esta se abra preferentemente pola mañá, pois os insectos atrapados o día anterior xa estarán afogados. **Durante a renovación do líquido non se deben lavar as trampas, pois as vespas capturadas xeran feromonas atraentes para os individuos da súa especie.** Por esta mesma razón, convén **deixar** no interior da trampa, en cada remprazo do líquido, **algún exemplar morto de vespa velutina.**

Segundo as indicacións dos fabricantes, o líquido atraente non atrae ás abellas e aos abellóns, pois contén un repelente para eles.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias



ANEXO I

Estimado/a apicultor/a:

Como ben coñece, nos derradeiros anos produciuse en Galicia una importante difusión da especie invasora *Vespa velutina*, especie que pode afectar á nosa produción apícola, ao atacar ás abellas.

Para minimizar os efectos desta avespa, a Xunta de Galicia desenvolveu un Plan de vixilancia e control, que incluíu, entre outras actuacións, o reparto de trampas e líquido atraente entre os apicultores, co fin de capturar raíñas da avespa. A **colocación de trampas para a captura de raíñas durante a primavera** no entorno dos apiarios e preto de localizacións nas que existan plantas con floración temperá pode ser importante na loita fronte a esta especie invasora, xa que cada raíña fundadora capturada significará que haberá un niño menos no entorno.

Deste xeito, a Consellería do Medio Rural distribuirá aos apicultores das zonas afectadas pola *Vespa velutina* trampas comerciais e/ou líquido atraente, co obxecto de que as coloquen nas proximidades das súas colmeas, ou nas outras localizacións indicadas, recollendo o maior número posible de raíñas. O número de trampas a colocar por cada apicultor dependerá do número de colmeas que posúan.

No ano 2018, naqueles concellos nos que xa se entregaron trampas no ano 2017, unicamente se distribuirá líquido atraente, en cantidade suficiente para trampear un período de ao menos 4 meses. Nos concellos nos que non se entregaron trampas durante o ano 2017, distribuiranse tanto trampas como líquido atraente.

Dado que as súas colmeas se localizan nun concello onde se detectou a presenza da *Vespa velutina*, infórmolle que se o desexa, pode acudir á _____, co seu DNI e Caderno de Explotación Apícola (CEAT), onde os Servizos Veterinarios Oficiais lle entregarán o número de trampas e/ou botes de líquido atraente que lle correspondan, dándolle as indicacións necesarias para a súa colocación. No caso de que a recollida a realice outra persoa que non sexa o titular das colmeas, esta deberá achegar unha autorización asinada por vostede.

O praza para recoller o material é de 15 días dende a recepción desta comunicación.

Santiago de Compostela, de de 2018.

A directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Belén María Do Campo Piñeiro.

**ANEXO II****DOCUMENTO XUSTIFICATIVO DE CESIÓN DE TRAMPAS E/OU LÍQUIDO ATRAENTE NA
LOITA FRONTE Á VESPA VELUTINA (PRIMAVERA)**

CÓDIGO REGA DA EXPLOTACIÓN:	
NOME E APELIDOS DO TITULAR:	
NIF:	TELÉFONO:
ENDEREZO:	
POBOACIÓN:	CONCELLO:
PROVINCIA:	

D./Dna. _____, NIF _____, como titular/representante da explotación con código REGA _____, recibe da Consellería do Medio Rural, en réxime de cesión, as seguintes trampas e/ou envases/doses de líquido atraente, aos efectos de colaborar na loita fronte á Vespa velutina.

Nº TRAMPAS AVESPA'CLAC	Nº BOTES 500 ML AVESPA'CLAC	Nº TRAMPAS VETOPHARMA	Nº MONODOSES VETO-PHARMA

Coa recollida deste material, comprométese a colocar as trampas nas proximidades das súas colmeas, ou noutros lugares de comprobada eficacia para a captura das avespas raíñas.

_____, a _____ de _____ de 2018.

O/A titular/representante

Pola Consellería do Medio Rural



ANEXO III

INFORMACIÓN AOS APICULTORES EN RELACIÓN Á COLOCACIÓN DE TRAMPAS PARA A CAPTURA DE RAÍÑAS DE VESPA VELUTINA EN PRIMAVERA

Período de colocación das trampas: dende a segunda quincena de febreiro ata o mes de **xuño** (a finalización do trampeo realizarase se non se detectan xa exemplares de vespas raíñas nas trampas).

Proporción de trampas a colocar durante a época de trampeo:

- 1 trampa en colmeares de ata 10 colmeas.
- 2 trampas en colmeares de ata 25 colmeas.
- 3 trampas en colmeares de ata 50 colmeas.
- 4 trampas en colmeares de máis de 50 colmeas.

Localización das trampas: deben ser colocadas a unha altura aproximada de 1,5 metros, e nun radio de 100 metros arredor dos apiarios, preferentemente en sitios soleados e protexidos do vento, ou **preto de localizacións nas que existan plantas con floración temperá.**

Uso da trampa:

Trampas AVISPA'CLAC ou VESPA TRAP: debe verterse nela 125 ml de líquido atraente, e engadir a mesma cantidade de auga, ata acadar o nivel sinalado na trampa (uns 250 ml). Cando o nivel do líquido baixe por efecto da evaporación, pode encherse novamente con auga ata acadar outra vez o nivel mínimo sinalado.

Trampa VETO-PHARMA: debe verterse a dose individual do sobre de 10 ml de líquido atraente na trampa xunto con 50 g de azucre e engadir 200 ml de auga. Unha vez mesturado, debe axustarse a tapa negra e o teito protector negro de forma que as dúas entradas do teito estean aliñadas cos buratos da tapa de entrada das vespas, co fin de formar un túnel atraente máis efectivo.

En todo caso, un líquido atraente dunha marca podería utilizarse nunha trampa doutra marca diferente.

Renovación do líquido atraente:

Trampas AVISPA'CLAC ou VESPA TRAP: cada 15 días, de tal xeito que o bote facilitado permite unha actuación da trampa durante dous meses.

Trampa VETO-PHARMA: o líquido atraente debe renovarse cada tres semanas ou cando a trampa esta chea de vespas.



Unha vez rematado o líquido comercial, para usos posteriores o apicultor deberá utilizar atraentes caseiros ou artesanais. A cera vella fermentada, a cervexa negra ou o sirope de grosella ou de arandos son considerados bos atraentes caseiros.

Non convén limpar a trampa en cada renovación de líquido porque as vespas capturadas producen feromonas que atraen a outros exemplares da súa especie. Por esta mesma razón, convén deixar no interior da trampa, en cada remprazo do líquido, algún exemplar morto de vespa velutina

Recomendación: é importante que as trampas só sexan colocadas nas zonas onde se detectaron niños, e que o número de trampas se axuste ao necesario. Non existe ningún atraente que sexa específico para a Vespa velutina, polo que o uso en zonas nas que non se coñeza a presenza desta especie, ou a utilización dun número de trampas excesivo pode supoñer que se capturen indiscriminadamente outras especies de insectos, producindo efectos colaterais adversos sobre a entomofauna e poñéndose en risco a biodiversidade.